



DARLLE A VOLTA AO MUNDO

Non figuran lendas nos mapas
para sinalizar
as descargas eléctricas
que rompen na pel...

Raquel Vázquez



Pódese botar de menos un mapa?

Mapas

Os mapas da escola,
todos tiñan mar,
todos tiñan terra.

Eu sentía un afán
por ir percorrela...!

Soñaba o corazón
con mares e fronteiras,
con illas de coral
e misteriosas selvas...

Soñaba o corazón...
Oh soños da escola!

Concha Méndez

Neste poema, Concha Méndez fálanos da morriña dos tempos nos que das paredes das escolas colgaban mapas. Cada país dunha cor diferente porque todos os países son diferentes, non?

Mirando un mapa, como Concha Méndez conta no seu poema, soñamos con coñecelos, con percorrer a terra e visitar países pequenos ou enormes, amarelos ou azuis, con desertos ou con lagos, de cidades interminables ou de bosques que non acaban...

A todos nos gusta viaxar e, se ti pensas que non é así, é que aínda non deches co país adecuado. Cos libros pasa algo parecido, hainos para todos os gustos: de amor, de desamor, de aventuras, de ciencia ficción, de misterio, fantásticos... e ata de viaxes! E se ti pensas que non che gusta ler é que aínda non deches con ese conto que che atravesará o corpo e que cambiará a túa vida para sempre.

E falando de contos... Iremos recordar un que coñecemos e que relata a historia de dous irmáns aos que non lles viría mal ter un mapa. Se o tivesen, seguro que cambiaría o conto.

Un mapa pode cambiar unha vida... ou dúas.

Que pasaría se Gretel e Hansel tivesen un mapa? Seguro que a historia sería ben distinta... E se o conto sucedese hoxe, que pasaría se tivesen un GPS ou un teléfono móbil? Pois probablemente Gretel e Hansel non se perderían no bosque e poderían volver a casa.



Así que os mapas sonche ben importantes! Por iso, no cole queremos **darlle a volta ao mundo** e dedicar o PDI deste ano aos mapas.

O PDI (Proxecto Documental Integrado) parte da biblioteca escolar e involucra a todos os niveis educativos e departamentos das diversas materias, sendo este curso obxecto de estudo e investigación os mapas e atlas de diversa índole tanto no seu sentido máis estrito como en sentido amplo ou, como veremos, metafórico.

Pero temos moitas preguntas sobre os mapas:


Que é un mapa? Por que son importantes?

O dicionario define os mapas como representacións gráficas ou visuais da Terra ou dunha determinada área xeográfica que mostran a disposición dos ríos, montañas, cidades, estradas, fronteiras e outros aspectos xeográficos no espazo.


Estas representacións cartográficas poden ter dúas dimensións, por exemplo, un mapa de papel; ou tres, aqueles que representan os relevos das montañas; e poden representar áreas pequenas, como os mapas ou planos das cidades, ou áreas enormes, como os mapamundi ou os dunha galaxia.

E cando empezamos as persoas a facer mapas? Por que se nos ocorreu a idea de deseñar un mapa?

Un dos primeiros mapas que se conservan ten, atención!, 19.000 anos!!! E está feito sobre pedra. Chámase *mapa de Abautz* e atopouse no País Vasco. Resulta que os habitantes deste lugar vivían nunha cova e necesitaban memorizar os camiños que conducían ata a súa caverna porque precisaban ir lonxe para buscar comida, cazar ou explorar o territorio máis próximo. Para que iso fose máis fácil, ocorrúselles debuxar o territorio que rodeaba a súa cova nunha pedra, que podedes ver na imaxe.




Deste primeiro mapa, pasamos a outros modelados en arxila, despois en papiro, en papel e hoxe en pantallas dixitais que nos permiten darlles facelos máis grandes, con máis detalle, e mesmo darlles voltas. Pasamos de facer un mapa en pedra da nosa casa e os seus arredores a facer un mapa dixital do universo en tres dimensións.




Este que vedes na pantalla é o mapa máis completo do universo que se ten elaborado ata o momento.

Podemos que nós teñamos unha visión un pouco limitada do que é un mapa porque estamos acostumados a ver mapas como estes:





Leonardo Da Vinci, quixo facer unha representación distinta, e ocorrúselle esta, en forma de trevo de catro follas.



Pero estes son os mapas occidentais; os nosos. E no resto do mundo?

A Terra flota no espazo e non ten nin parte de arriba nin parte de abaixo. Entón, quen nos dixo que os mapas teñen que situar o Polo Norte na parte de arriba e o Sur na de abaixo?


Un mapa do mundo podería ser, por exemplo, así.



Ou así Por que non?



E isto que é? Á esquerda, temos un mapa feito de paus. É unha representación por medio de segmentos coa que os pobos da Micronesia creaban mapas marítimos cos que podían navegar entre illas. Á dereita, mapas táctiles creados polos inuit, tallados en madeira para debuxar as costas polas que navegaban.



Estoutra foto é un calendario maia, que en realidade é un mapa do ceo onde se observa a posición dos astros en diferentes momentos do ano.



Máis diferente aínda: E se houberse mapas feitos de cancións?

Cada clan ou pobo dos aborixes australianos canta o que ten ao seu redor, describindo as árbores, as montañas, os ríos, o deserto... e se unimos esas cancións podemos viaxar cantando ata crear o mapa do seu territorio. Eses mesmos aborixes, tatuaban e tatúan nas súas caras os mapas dos seus antepasados para lembrar quen eran:



E ata hai mapas que conducen á liberdade...

As mulleres escravas de orixe colombiana facían mapas de camiños para escapar dos comerciantes escravistas que as retiñan nas súas casas. Pero tiñan que agachalos para que os seus amos nos os descubrisen.



Pensando, pensando... como ocultar eses mapas, ocorrúselles facelos co pelo das súas cabezas en forma de trenzas que representaban os camiños que tiñan que seguir para escapar. Hoxe, na vila colombiana de San Basilio de Palenque sígueno facendo para homenaxear esas mulleres que só querían ser libres.



E aínda hai máis mapas?

Pois si, para todos os gustos: conceptuais, de árbores, de mares, xenealóxicos, económicos, físicos, mentais, outros que son ben curiosos, que teñen coma protagonistas as palabras, as bandeiras, a Shakira, os bares, as películas, os sabores, o odio, pero tamén o amor...

E aínda outros que son metáforas ou símbolos. Mapas que aínda non teñen camiños nin sinais nin nomes porque somos nós os que debemos escribilos, gravalos... coas nosas vidas.

Inscricións que faltan

*Non figuran lendas nos mapas
para sinalizar
as descargas eléctricas
que rompen na pel
(...)*

*Só se representa a intuición
de percorrer unha vez máis un campo
mutilado, sen leste e sen oeste,
apenas luz e sombra coma sempre en desorde.*

*Non figuran lendas nos mapas.
Por tanto habería que crear os signos
necesarios, plantar
unha árbore que resista,
escribir coordenadas onde o desexo fose
máis alto que a morte.*

(...)

(Adaptación de *Aunque los mapas* de Raquel Vázquez, 2020)

Esperamos que disfrutedes deste ano de mapas de mil formas e cores e lembrede que non nos resistimos a idea de *darlle a volta ao mundo*.

Un saúdo,

Equipo de Dinamización da Biblioteca.